

COMISIÓN INFORMATIVA DE IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **15 de marzo de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 15 de marzo de 2018 , ás 17.00 horas, baixo a presidencia de dona M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames:
DEPUTADOS/AS:	
D. ^a M. ^a Consuelo Vispo Seara	
D. José Antonio Feijóo Alonso	
D. Antonio Montero Fernández	
D. ^a Ana M. ^a Villarino Pardo	
D. Miguel A. Cid Álvarez	
D. Adolfo González Novoa	
D. José Ignacio Gómez Pérez	
D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez	
D. Armando Ojea Bouzo	
D. Ramiro Rodríguez Suárez	
SECRETARIO:	
D. Francisco Cacharro Gosende	
INTERVENTORA ACCTAL.:	
D. ^a Begoña Álvarez Matos	

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 15 DE FEBREIRO DE 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de febreiro de 2018, non se formulan observacións e queda aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA QUE A DEPUTACIÓN POÑA EN MARCHA A ACCIÓN DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO EN MATERIA DE IGUALDADE SALARIAL.-

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e a abstención do Grupo Popular (6), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Que a Deputación poña en marcha a acción do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, destinada a rematar coa fenda salarial mediante a implementación dunha auditoría de xénero en materia salarial que analice as características de cada un dos postos de traballo desta institución así como as retribucións percibidas, os complementos e as xornadas.

2º.- Que a Deputación Provincial poña en marcha un programa de cooperación ao que os concellos se poidan adherir para recibir asistencia e cooperación para implementar auditorías de xénero en materia salarial nas súas administracións locais.

3º.- Instar ao Congreso dos e das deputados e deputadas e ao goberno do Estado para que aprobe, desenvolva e dote a Lei de igualdade salarial que reforce a actuación da Inspección de Traballo e da Seguridade Social neste ámbito, así como que imponha a obriga empresarial de dispor dun rexistro actualizado de todas as retribucións desagregadas por sexo, así como todas as medidas conducentes a paliar os efectos discriminatorios dos contratos a tempo parcial, temporais, etcétera, que precarizan o mercado laboral feminino, entre outras medidas para desenvolver pola propia norma.

4º.- Que esta Deputación inclúa nas cláusulas dos pregos de condicións das contratacións, puntuación extraordinaria para aquelas empresas que demostren e cumpran coas súas obrigas en materia de igualdade salarial.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentaron.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Neste punto, a presidenta da comisión dá resposta a unha pregunta formulada hai dúas comisións por dona Susana Rodríguez Rodríguez, en relación coa execución dun acordo de pleno, informando que xa se executou.

E, ás 17.04 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan a presidenta e o secretario. Certifico.